

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 5 DE SETEMBRO DE 2025

PRESIDENTE: D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA

VOGAIS:

D. MARCOS GUIASOLA PADÍN en substitución de D^a. Belén Cachafeiro Anta

D. JAVIER TOURÍS ROMERO en substitución de D. Rafael Domínguez Artime

D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO en substitución de D^a. Luisa María Sánchez Méndez

D. JORGE CUBELA LÓPEZ

D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ

D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA

D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ

D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ

D GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ

D. GORKA GÓMEZ DÍAZ

D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN

D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO

D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día 5 de setembro de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión D. Ricardo Martínez Chantada e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés C. Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (24 de xullo de 2025).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 20 de xuño de 2025.

2.- Aprobación inicial do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9704 Igrexa de Caleiro, do p.q. 0+000 ao p.q. 0+100 (Concello de Vilanova de Arousa)”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración de urxente ocupación e motivación da urxencia. (Expediente 2025031795 - 2025018207).

A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, a aprobación inicial do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9704 Igrexa de Caleiro, do p.q. 0+000 ao p.q. 0+100 (Concello de Vilanova de Arousa)”, a exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación, a declaración de utilidade pública da obra, a declaración de urxente ocupación e a motivación da urxencia



3.- Dar conta da obra de Emerxencia "*Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no P.Q. 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)*". (Expediente 2024067672).

A Comisión Informativa queda enterada da obra de emerxencia "*Reparación de paso inferior sobre o regueiro de Ponte Faroxo no P.Q. 2+860 da EP-7102 Serrapio-Portela (Cerdedo-Cotobade)*".

4.-Rogos e preguntas.

Por parte do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo solicita que a partir de agora se dea conta na Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade dos convenios e proxectos aprobados que se tramitan dende o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

